

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

***LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCIÓN
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO***

EXAME EN GALEGO

1. De conformidade co artigo 18 da Lei 55/2003, do estatuto marco, constitúe un dereito colectivo do persoal estatutario:

- A) O dereito á percepción puntual das retribucións e indemnizacións por razón do servizo.
- B) O dereito á mobilidade voluntaria, promoción interna e desenvolvemento profesional.
- C) O dereito ao encadramento no réxime xeral da Seguridade Social, cos dereitos e obrigas que de elo se derivan.
- D) O dereito á libre sindicación.

2. NON constitúe un principio reitor do Sistema Público de Saúde de Galicia, de conformidade co artigo 32 da Lei 8/2008 do 10 de xullo, de Saúde de Galicia:

- A) A información sobre as formas de vida saudables, os recursos e os servizos existentes.
- B) A universalidade do dereito aos servizos e prestacións de cobertura pública.
- C) A ordenación das relacións cas persoas no sistema de saúde.
- D) A promoción do uso racional do Sistema Público de Saúde de Galicia.

3. De acordo co artigo 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o procedemento para a elección dos deputados do Parlamento de Galicia regularase por Lei, fixando dito precepto o número de membros de éste:

- A) Entre 60 e 75 deputados.
- B) Entre 60 e 80 deputados.
- C) En 75 deputados.
- D) O Estatuto de Autonomía non determina un número mínimo nin máximo de deputados.

4. Segundo o artigo 8 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, que órgano técnico da Administración Xeral do Estado ten como misión a análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo así como a promoción e apoio á mellora das mesmas:

- A) Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- B) Comité Central de Seguridade e Saúde Laboral.
- C) Organización Nacional de Prevención e Riscos Laborais.
- D) Comisión Nacional de Seguridade e Saúde Laboral.

5. Segundo a Lei Xeral de Sanidade, o control sanitario da contaminación atmosférica, abastecemento de augas, saneamento de augas residuais, residuos urbáns e industriais, é unha competencia:

- A) Do Estado.
- B) Das Comunidades Autónomas.
- C) Das Diputacións Provinciais.
- D) Dos Concellos.

6. A Constitución española de 1978 configura o dereito á protección da saúde:

- A) Como un principio reitor da política social e económica.
- B) Como un dereito fundamental.
- C) Como un dereito e un deber dos cidadáns.
- D) Carece de relevancia xurídica.

7. O cargo de presidente/a do Servizo Galego de Saúde ostentao:

- A) A persoa titular da Consellería de Sanidade.
- B) O/a Xerente do Servizo Galego de Saúde.
- C) O/a presidente/a da Xunta de Galicia.
- D) O/a Secretario/a Xeral da Consellería de Sanidade.

8. De conformidade co artigo 20 da Lei galega 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, cal da seguinte información non ten que ser conservada indefinidamente?

- A) Follas de petición de interconsulta.
- B) Follas de alta voluntaria.
- C) Informes de anestesia.
- D) Follas de consentimento informado.

9. De conformidade co Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, quen se atope en comisión de servizos:

- A) Terá dereito á reserva da súa praza ou posto de traballo.
- B) Pasará á situación de servizos especiais no seu centro de orixe.
- C) Deberá participar no primeiro concurso de traslados que se convoque para a súa categoría ou especialidade.
- D) Unicamente poderá permanecer tres meses nesta situación.

10. Segundo a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a historia clínica:

- A) Non debe conter valoracións subxectivas sobre a evolución clínica do paciente.
- B) Debe conter suficiente información para documentar o proceso de atención sanitaria do paciente.
- C) É propiedade do médico ou profesional responsable.
- D) Debe destruírse cando transcorran 20 anos dende o falecemento do paciente.

Preguntas de reserva

1. Segundo o artigo 15 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, sinala cal NON é un dos principios de acción preventiva:

- A) Evitar riscos.
- B) Combater os riscos na súa orixe.
- C) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.
- D) Dar as debidas instrucións aos traballadores.

2. De conformidade con previsto na Lei 55/2003, do estatuto marco, cal dos seguintes complementos retributivos está destinado a remunerar o nivel do posto que se desempeña?

- A) Complemento de produtividade.
- B) Complemento de destino.
- C) Complemento específico.
- D) Complemento de atención continuada.